

ESTREA EN NUMAX: 24.01.2020 | V.O. | +16

Ema (2019, 102')

Dirección: Pablo Larraín

Guión: Guillermo Calderón, Alejandro Moreno, Pablo Larraín

Elenco: Mariana Di Girolamo, Gael García Bernal, Santiago Cabrera, Giannina Fruttero, Catalina Saavedra, Eduardo Paxeco, Mariana Loyola, Paola Giannini, Antonia Giesen, Josefina Fiebelkorn, Susana Hidalgo

Son: Soledad Andrade

Fotografía: Sergio Armstrong

Montaxe: Sebastián Sepúlveda

Dirección de arte: Oscar Godoy

Vestuario: Felipe Criado, Muriel Parra

Música: Nicolas Jaar

Produtora: Fabula

Distribuidora: BTeam

Formato de proxección: DCP2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Español

PREMIOS E FESTIVAIS

Venecia 2019 (Sección Oficial), Toronto 2019 (Sección Oficial), Donostia 2019 (Perlas)

FILMOGRAFÍA

Jackie, 2016

Neruda, 2016

El club, 2015

No, 2012

Post Mortem, 2010

Tony Manero, 2008

Fuga, 2006

SINOPSE

Despois de que un traumático incidente desestabiliza a súa vida familiar e o seu matrimonio cun tempestuoso coreógrafo, Ema (Mariana Dei Girolamo), unha bailarina de reguetón, embárcase nunha odisea de liberación persoal neste drama incendiario sobre a arte, o desexo e a familia moderna.

«O filme máis audaz e inclasificábel dun dos cineastas máis audaces e inclasificábeis en activo. Unha obra chea de amor e de odio, agresiva e moi doce, poética e macarra e tamén grotesca e fermosa a un tempo. Unha marabilla»

Nando Salvà, EL PERIÓDICO



“O meu primeiro acto de amor co meu personaxe é facelo libre”

Entrevista con Pablo Larraín

Por Pablo Marín

A que se refire cando fala do dispositivo político que encarna a protagonista? Un personaxe sempre é político. No seu caso, vén dar testemuño dunha xeración que pensa a maternidade, a familia, a amizade, dunha maneira moi particular, que non ten que ver connosco, senón cunha xeración que funciona con outros parámetros, con outros paradigmas.

Ema di, máis dunha vez, «eu fago o que quero...» O que tento facer é amar moito ao personaxe. O meu primeiro acto de amor co meu personaxe é facelo libre: no que é, no que ten que facer e no que quere facer. O que non fago é xulgalo, quero que a audiencia o faga. O que fixemos agora foi construír un arquetipo en torno ao desexo e ao redor dun comportamento que é libre e individual: (Ema) é un personaxe enormemente individualista, pero moi preocupado de respectar aos outros. É un personaxe transparente e nítido. O que pasa é que, pensando nos arquetipos narrativos máis convencionais, ten un comportamento feminino nalgunhas cousas, e noutras

ten un comportamento masculino. E iso produce unha fricción, porque parece que os roles femininos teñen que cumprir con certos canons, e cando os desafías, aparece un machismo na mirada. Se este personaxe fose home, a conversación sería distinta. O feito de que sexa muller faíno máis cuestionábel, non só desde unha mirada conservadora.

Propón unha reivindicación da sensualidade ou do desexo? Creo que estamos afeitos a que sexa o personaxe masculino o único que pode transformar o mundo coa súa virilidade e a súa capacidade de sedución. Cando iso o fai unha muller, aparece unha mirada castigadora, porque parece que o seu rol, sobre todo na mirada masculina, debe ter coidado con comportamentos que si lles aceptamos aos homes. Polo meu lado, síntome super libre para administrar os materiais da maneira en que o facemos.

A moral pode ser un caxato no cal apoiarse ao longo da vida, pero tamén para andar zoscándolle aos demais. Como administra a moral do seu protagonista? O que máis me interesa nas miñas películas é poñer todo o tempo unha dúbida na moral, xa sexa para castigar, para apoiar ou para ditaminar un pensamento. Cada vez que un personaxe se comporta de maneira moral, vén un comportamento amoral (non inmoral). Se cadra a provocación máis interesante que pode facer unha película é espertar a moralidade de cada espectador. Cando fas iso, fas unha película distinta para cada un, e iso é marabilloso. Cando se estreou en Chile *Tony Manero*, foi castigada pola

súa amoralidade, porque o personaxe de Alfredo Castro non era capaz de articular unha moralidade exemplar. O personaxe, en realidade, é vítima dun sistema e transfórmase nun asasino porque non sabe que outra cousa facer. Non hai unha lección. O que quero é facer unha película moralmente disruptiva, que se desmarque do territorio castigador ou exemplificador, porque cando empezo a facer iso, sinto que estou dando clase, aleccionando. E non estou para iso. Con *Ema*, fixemos unha película onde o personaxe non se comporta como un esperaríase que o fixese.

Localmente polo menos, Ema reavivou o tema da súa relación co realismo, co verismo? O realismo no cinema é unha ilusión. Os irmáns Dardenne, que son a paradigma do realismo, ensaian toda unha mañá e despois fan 50 veces unha toma para lograr algo que pareza realista. Daquela, non sei que é o realismo. Creo que na ficción o realismo é unha ilusión moi ben administrada. Tamén é unha dúbida.

Publicado en <https://culto.latercera.com>
 Tradución: Olalla Cocina

O director

(Santiago de Chile, 1976). En 2005 realizou a súa primeira longametraxe, *Fuga*, e posteriormente participou na sección *Horizontes Latinos* do Festival de San Sebastián con *Tony Manero* (2008) e *Post Mortem* (2010). En 2010 dirixiu *Prófugos*, primeira serie de televisión producida en Chile por HBO. Foi nomeado aos Oscar en 2013 por *No*, que obtivo o Premio da Quincena dos Realizadores en Cannes, e aos Globos de Ouro en 2015 por *El club* e en 2016 por *Neruda*. É cofundador de *Fábula*, empresa dedicada á produción cinematográfica, televisiva e publicitaria.

ALDARA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que agardas para abonarte?

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
 Concepción Arenal, 9 baixo
 15702 Santiago de Compostela
 TELF 981 560 250 | www.numax.org



Se ti xa es de NUMAX e queres compartilo, fai unha foto co teu abono e compártea.
 #eusondenumax